

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de abril de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. Ignacio López-Chaves Castro.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trece minutos do día dezaseis de abril de dous mil sete e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(565).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 26 de marzo de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(566).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 600/206 INTERPOSTO POR D. JOSÉ GÓMEZ RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 23.02.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que debo estimar e estimo en parte a demanda, formulada por Ricardo Estévez Cernadas, en nome e representación de José Gómez Rodríguez, contra a desestimación por silencio da reclamación formulada como consecuencia dos danos padecidos no vehículo do recorrente o día 8 de outubro de 2004, anulando a mesma e condenando ó Concello a que aboe ó actor a cantidade que como importe da reparación se acredite en execución de sentenza, mediante a presentaición da factura correspondente, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

3(567).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 59/2006 INTERPOSTO POR D.ª. M.ª. PURIFICACIÓN GUIADANES ALONSO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 22.11.06 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución do concelleiro delegado de Seguridade do Concello de Vigo desestimatoria do recurso de reposición interposto por Purificación Guiadanes Alonso contra a resolución de 1.02.06 dictada no expediente sancionador en materia de tráfico tramitado con referencia número 1-05-1-1075765 pola que se lle impoñía á recorrente unha sanción de 302 € por infracción do artigo 19.3 LTSV e 50.1 RGC, por exceso de velocidade. A sentenza falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola representaicón de María Purificación Guiadanes Alonso fronte ó Concello de Vigo seguido como procedemento abreviado número 59/06 contra a resolución sancionadora arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá dárse conta ós Servizos de Seguridade e Recadación.

4(568).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 593/2006 INTERPOSTO POR D. HERBER SALOMÓN OTERO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 22.02.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Declarar a inadmisión do presente recurso contencioso-administrativo por ter caducado o prazo para a súa interposición, acordando o arquivo das actuacións previa nota nos libros deste Xulgado unha vez asine a presente resolución.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación municipal.

5(569).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 7069/2004 INTERPOSTO POR AENA CONTRA SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO QUE DECLARA A INADMISIBILIDADE DE RECURSO EN RELACIÓN COA LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 29.11.06 dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que desestimamos o recurso de apelación formulado por Entidade Pública Empresarial Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (Aena) contra sentenza de data uno de setembro de dous mil catro dictada no PO 264/2003 polo Xulgado do contencioso num. 1 de Vigo sobre declaración de inadmisibilidade do recurso contra resolución do Concello de Redondela sobre resolución derivada de acta de disconformidade en relación con imposto sobre actividades económicas; e en consecuencia confirmamos a sentenza apelada, con imposición de custas desta alzada á parte apelante.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Administración de Tributos (IAE) e Inspección de Tributos.

6(570).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 221/05 INTERPOSTO POR JAMES JOYCE'S INSTITUTE CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 22.10.06 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución do concelleiro de Seguridade do Concello de Vigo de data 10.05.05 pola que se impoñía unha multa de 300 € por infracción do artigo 72.3 LSV por falla de identificación do conductor do seu vehículo. A Sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de James Joyce's Institute interposto fronte o Concello de Vigo, contra a resolución obxecto de recurso neste procedemento, arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ós Servizos de Tráfico e Recadación Executiva..

7(571).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 49/2006 INTERPOSTO POR EMMA DURAN VILLAR CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN SOBRE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 26.10.06 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo de 13.03.06 desestimatoria do recurso de reposición interposto por Emma Durán Vilar contra a de 14.12.05 pola que se desestimaba a súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada en data 5.08.03 conformitovo dunha caída no Areal. A Sentenza falla o seguinte:

Desestimo o presente recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de Emma Durán Vilar fronte o concello de Vigo no proceso abreviado número 49/06 contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio.

8(572).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 358/2006 INTERPOSTO POR D. DANIEL REY ALONSO E OUTROS CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 9.11.06 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda, formulada por Auxiliadora Ruiz Sánchez, en nome e representaicón de Daniel Rey Alonso, María del Mar Alonso González e Estefanía Rey Alonso, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola recorrente o día 12 de xaneiro de 2006, en indemnización dos danos e perdas que se lle ocasionaron o 19 de xullo de 2005, como consecuencia da caída do ciclomotor, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, dá que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

9(573).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 55/2006 INTERPOSTO POR D^a. DOLORES COELLO PEREZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 13.11.06 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo de 13.03.06 desestimatoria da reclamación formulada por Dolores Coello Pérez por escrito con entrada no rexistro administrativo municipal de data 4.10.05, en concepto de responsabilidade patrimonial por danos sufridos con ocasión da súa caída o día 10.02.03 na rúa Rosalía de Castro, a causa do mal estado de conservación dun sumidoiro que carecía de reixa protectora e na que introduciu o pé. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Dolores Coello Pérez fronte ó Concello de Vigo seguido como Procedimento abreviado número 55/06 contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a dereito, sen pnunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

10(574).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 512/2006 INTERPOSTO POR ENRIQUE ANTON LORENZO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 12.12.06 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que debo estimar e estimo en parte a demanda, formulada polo letrado D. Enrique E. Antón Lorenzo, actuando no seu propio nome e representaicón contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto polo actor contra a multa por importe de 301 €, imposta ó recorrente por resolución de 1 de febreiro de 2006, recaída no expediente 10501077534, pola infracción consistente nun exceso de velocidade na avenida de Samil, cometida o día 13 de setembro de 2005, por circular a 76 km/h tendo limitada a velocidade a 40 km/h., anulando a mesma e rebaixando a multa á cantidade de 91 €, sen facer expresa imposición de custas.

Dáse conta tamén do auto de dito Xulgado complementario da devandita sentenza, que di o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo o pedimento de complemento da sentenza 275/2006 de 12 de decembro, dictada nas presentes actuacións e na súa consecuencia denegar o complemento da mesma, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza e do auto, dos que deberá darse conta ó Servizo de Seguridade.

11(575).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 595/2006 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO REYES JORGE E OUTRO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.02.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda, formulada por José Francisco Vaquero Alonso, en nome e representación de Francisco Reyes Jorge e Manuel Reyes Granados, contra a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada como consecuencia do accidente de moto padecido por Francisco Reyes, o día 19 de agosto de 2005, cando circulaba coa Piaggio C-7818-BLK, propiedade de Manuel Reyes, polo cruzamento da Praza de España, con motivo da existencia dunha mancha dun líquido deslizante na estrada, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e o de Limpeza viaria.

12(576).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 513/2005 INTERPOSTO POR ECOFAR S.L. CONTRA ESTIMACIÓN PARCIAL DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.01.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposta contra resolución da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo de 7.03.06 estimatoria parcial da reclamación formulada en concepto de responsabilidade patrimonial pola mercantil ECOFAR S.L. por escrito con entrada no rexistro municipal de data 15.02.05 na que interesaba que se lle indemnizara polos danos e perdas sufridos nun coche da súa propiedade o día 8.10.04, mentres estaba aparcado á altura do número 56 da rúa Gregorio Espino, ó caerselle un árbol enriba, despois de terse quebrado por enteiro. A Sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por ECOFAR S.L. fronte ó Concello de Vigo seguido como proceso abreviado número 513/05 contra a resolución da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo de 7.03.06, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, dá que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

13(577).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 520/2006 INTERPOSTO POR D^a. M^a DOLORES F. MARTÍNEZ BARCIA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 3.01.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda, formulada por Manuel Castells López, en nome e representación de María Dolores Martínez Barcia, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora polos danos e perdas ocasionados no baixo comercial e portal de entrada do edificio número 27 da Avenida de Galicia como consecuencia da rotura da rede municipal de abastecemento de auga, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

14(578).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 54/2006 INTERPOSTO POR D^a. ANGELA IGLESIAS PEREZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.11.06 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución do 13.03.06 da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo dictada no expediente sobre responsabilidade patrimonial número 16065/240 de 2003, desestimatoria da reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada por Ángela Iglesias Pérez contra o Concello, por escrito de 15.05.03, a fin de que se lle indemnizara polos danos sufridos con motivo da súa caída o día 6.05.03 mentres caminaba pola rúa Tuy, á altura do seu número 7, cando tropezou nun desnivel do aglomerado asfáltico que ocasionara un buraco na calzada, que non está dotada de beirarrúas nin beiravía.

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Ángela Iglesias Pérez fronte ó Concello de Vigo no proceso abreviado número 54/06 contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ós Servizo de Patrimonio.

15(579).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 249/2006 INTERPOSTO POR M^a LEONOR CARVALHO MONTEIRO CONTRA SANCIÓN POR INFRACCIÓN MOI GRAVE EN MATERIA DE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.02.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución do Concello de Vigo de 28.08.06 recaída no procedemento sancionador número 13.484 incoado pola concellería de Medio Ambiente pola que se lle

impoñía á recorrente unha sanción de multa de 9.015,19 € pola comisión dunha infracción administrativa mou grave en materia de protección contra a contaminación acústica.

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de María Leonor Carvalho Monteiro fronte ó Concello de Vigo no procedemento abreviado número 249/06 contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Medio Ambiente.

16(580).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 24/2006 INTERPOSTO POR D^a. JOSEFA ALONSO FERNÁNDEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 22.02.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que debo desestimar e desestimo a demanda formulada por Juan José Muíños Torrado, en nome e representación de Josefa Alonso Fernández, contra a desestimación presunta do recurso de reposición, interposto pola demandante o día 22 de xullo de 2005, contra a resolución da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de 20.06.05, pola que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola demandante polos prexuízos patrimoniais derivados da caída padecida o día 13 de marzo de 2003, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

17(581).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 359/2006 INTERPOSTO POR D^a. MARTA V.GRAÑA GARVI CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 9.11.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que debo estimar e estimo en parte a demanda, formulada por Auxiliadora Ruíz Sánchez, en nome e representación de Marta Verónica Graña Carvi, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora polos danos padecidos o 18 de novembro de 2005 como consecuencia da caída do seu ciclomotor pola existencia de grava e terra na calzada, anulando a mesma e condenando ó Concello de Vigo a que abone á demandante a cantidade que se acredite en execución de sentenza de conformidade co que se dispón no fundamento xurídico terceiro da presente sentenza, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

18(582).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 102/2006 INTERPOSTO POR D^a. VICTORIA E. FREIRE FERNÁNDEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECURSO EN RELACIÓN CON RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 18.12.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra:1.- desestimación presunta do recurso de reposición interposto por escrito de data 13.04.05 por Victoria Eugenia Freire Fernández contra a resolución dictada polo Concello de Vigo no expediente sobre responsabilidade patrimonial iniciado á súa instancia, co número 107/423, pola que se declaraba a caducidade do expediente, e 2.- desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de data 11.07.05 pola que se reclamaban os danos e perdas sufridos con motivo do mesmo accidente polo que se tiña aberto o expediente sobre o que se declarou a caducidade. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Victoria Eugenia Freire Fernández fronte ó Concello de Vigo no P.A. 102/06 contra as resolucións enriba indicadas, que se declaran conformes a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

19(583).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 341/2006 INTERPOSTO POR D^a. M^a ROSARIO VÁZQUEZ FERNÁNDEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 16.11.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por M^a del Rosario Vázquez Fernández contra resolución dictada polo Concello de Vigo no expediente sancionador núm. 10511074385, conformatoria en reposición da dictada polo mesmo Concello, que impuxo ó recorrente unha sanción consistente en multa de 300 €, pola comisión dunha infracción prevista no art. 52 do Regulamento Xeral de Circulación (circular a 90 Km/hora, tenco a velocidade limitada a 50 km/hora); resolución que anulo e deixo sen efecto, ó entendela contraria a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico.

20- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 336/2006 INTERPOSTO POR D. ABEL MONTENEGRO PRADO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECURSO EN RELACIÓN CON RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.01.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda, formulada por Victoria Barros Estévez, en nome e representación de Abel Montenegro Prado, contra a resolución de 15 de maio de 2006, dictada polo Concello de Vigo pola que se estima en parte a reclamación formulada polo actor e se limita a cantidade que ha de serlle aboada á cantidade de 128,40 € cando a reparación do seu vehículo ascendeu á cantidade de 2.943,68 euros, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

21(584).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 146/2006 INTERPOSTO POR D^a. M^a ELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.01.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución dictada polo concelleiro delegado de Seguridade do Concello de Vigo no expediente número 068615692 polo que se lle impoñía á recorrente unha sanción de 301 € por infracción do artigo 72.3 da Lei de Seguridade Vial, por falla de identificación, polo titular do vehículo, do conductor denunciado previamente. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de María Elena González Fernández fronte ó Concello de Vigo seguido como P. Abreviado número 146/06 contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico.

22(585).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 148/2006 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO MERINO GONZLAEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.01.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución dictada polo concelleiro delegado de Seguridade do Concello de Vigo no expediente número 068639708 polo que se lle impoñía ó recorrente unha sanción de 301 e por infracción do artigo 72.3 da Lei de Seguridade Vial, por falla de identificación, polo titular do vehículo, do conductor denunciado previamente. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Francisco Merino González fronte o concello de Vigo seguido como P.Abreviado número 148/06 contra a resolución arriba indicada, que se declara onforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico.

23(586).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 147/2006 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO MERINO GONZLAEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.01.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución dictada polo concelleiro delegado de Seguridade do Concello de Vigo no expediente número 068639863 polo que se lle impoñía ó recorrente unha sanción de 301 e por infracción do artigo 72.3 da Lei de Seguridade Vial, por falla de identificación, polo titular do vehículo, do conductor denunciado previamente. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Francisco Merino González fronte ó Concello de Vigo seguido como P. Abreviado número 147/06 contra a resolución enriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico.

24(587).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 510/2006 INTERPOSTO POR ZUBELDIA RENT S.L. CONTRA ESTIMACIÓN PARCIAL DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 28.12.07 dictada polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda, formulada por Mercedes Pérez Crespo, en nome e representación de Zubeldía Rent S.L. contra a resolución da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de 29 de maio de 2006, pola que se estima parcialemtne a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora condenando á compañía Cejspa S.A. a que abone á cantidade de 4.146,43 € polos danos ocasionados ó vehículo Volkswagen Kombi, matrícula 1496-BLC, pola caída dunha pola dunha árbore o día 15 de xuño de 2006, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

25(588).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 41/2006 INTERPOSTO POR D. EUGENIO DEL RIO IGLESIAS EN RELACIÓN CO EXPTE. DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS Nº 13925/240. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 18.01.07 dictado polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Declaro a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Eugenio Del Río Iglesias fronte ó Concello de Vigo contra a resolución da Xunta de Goberno local de 12.06.06 dictada no expediente sobre responsabilidade patrimonial número 13.925(240 a fin de levar a execución da Sentenza do TS recaída no r.c.a. 02/4086/2002, ó entender que se dirixe fronte a un acto de execución dunha sentenza firme sobre cuxas consecuencias ha de resolver, no seu caso, o órgano xurisdiccional sentenciador no correspondente incidente de execución.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

26(589).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 133/2006 INTERPOSTO POR PABLO FCO.MADERA SEOANE CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ARQUIVO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse conta do auto de data 7.03.07 dictado polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Declárase rematado o presente procedemento interposto por D. Pablo Francisco Madera Seoane contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

27(590).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 298/2005 INTERPOSTO POR CAFES CANDELAS S.L. CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMIENTO.

Dáse conta do auto de data 19.12.06 dictado polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Tense por desistido do seu recurso contencioso-administrativo á letrada Ana Mª López Rubinos en nome e representación de Cafés Candelas S.L.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

28(591).- AUTOS DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 83/2006 INTERPOSTO POR XUNTA DE GALICIA SOBRE DESESTIMACIÓN ANULACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO IBI EXERCIZO 2004. ARQUIVO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse conta do auto, de data 5.10.06, do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que di o seguinte:

Declárase rematado o presente procedemento interposto pola representación da Xunta de Galicia contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual.

Dáse conta, así mesmo, do auto do 2.11.06, que na súa parte dispositiva acorda:

Con estimación do recurso de súplica interposto pola representación do Concello de Vigo fronte o auto de data 5.10.06, acordase variar a súa fundamentación xurídica no sentido de que el arquivo ten a súa causa no desestimento da actora.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido dos autos.

29(592).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 9/2007 INTERPOSTO POR D^a. MARÍA CARMEN AFONSO INSUA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ARCHIVO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse conta do auto de data 5.03.07 dictado polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Declárase rematado o presente procedemento interposto por M^a Carmen Alfonso Insua contra Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

30(593).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 119/2006 INTERPOSTO POR D. JOSÉ L. PEREIRA LIMA E MAPFRE EN RELACIÓN CO EXPTE. DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS Nº 403/243. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 24.01.07 dictado polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Que debía acordar e acordaba ter á procuradora, María Jesús Valencia Ulloa en nome e representación de José Luis Pereira Lima y Cía, Mapfre, por apartado e desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

31(594).- AUTOS DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 12/2006 INTERPOSTO POR GE CAPITAL LARGO PLAZO S.L. CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ARCHIVO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse conta do auto de data 23.10.06 dictado polo X.Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda:

Recoñecida a satisfacción extraprocesual das pretensións obxecto de recurso, procede acordar o arquivo do procedemento, con expresa imposición das custas causadas á Administración municipal demandada.

Así mesmo, dáse conta do auto de data 21.11.06, dictado por dito Xulgado, que dispón:

Procede reformar o auto dictado en data 23.10.06 do que se suprime a condena en custas ó Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno local queda enterada dos contidos dos autos.

32(595).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 23/139, 22/621, 21/1638, 21/18, 21/1750, 12/1107, 1/1921.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. M^a Luisa Coba Iglesias, expte. 23/139.
- D. Raúl Pozo Collado, expte. 22/621.
- D. Alberto Arbones Fernández, expte. 21/1638.
- D^a. Milagros Pazó Garrido, expte. 21/18.
- D^a. M^a Teresa Conde Rivera, expte. 21/1750.
- D^a. Julian Tapioles Fernández, expte. 12/1107.
- D^a. Isabel Figueroa Paracha, expte. 1/1921.

33(596).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A PRADO SURF CLUBE CONSTITUÍDA POLA CELEBRACIÓN DO IV OPEN SKATE CIDADE DE VIGO. EXPTE. 6826/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 5.01.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 1.200€, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a PRADO SURF CLUBE, para responder dos danos da pista de patinaxe de Samil, con motivo da celebración do IV OPEN SKATE CIDADE DE VIGO dende o 31 de xullo ó 7 de agosto de 2006.

34(597).- SOLICITUDE DA A.VV. DE SAN PAIO DE NAVIA PARA ORGANIZAR A II MARCHA CICLISTA A NAVIA O 22 DE ABRIL DE 2007. EXPTE. 6919/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 10.01.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Asociación Veciñal de San Paio de Navia a organizar a II Marcha Ciclista a Navia, o vindeiro 22 de abril nun horario comprendido entre as 10,30 horas e as 13 horas, cun percorrido por diversas rúas do Polígono de Navia e adxacentes.

35(598).- SOLICITUDE DO ANPA DO COLEXIO MOSTEIRO-BEMBRIVE PARA ORGANIZAR O XXVIII CROSS ESCOLAR NA ZONA BEMBRIVE E ARREDORES O 22.04.07. EXPTE. 6918/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 10.01.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á ANPA do colexio Mosteiro-Bembrive, a organizar o vindeiro 22 de abril de 2007, o XXVIII Cross Escolar, na zona de Bembrive e arredores, entre as 10.00 horas e as 13.30 horas.

36(599).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE VIGO PARA O EXERCIZO 2007. EXPTE. 2147/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 23.03.07, conformado pola concelleira de Festas e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas populares de música de Vigo CIF. G-36855906 para a organización dos programas “Vigo, un mar de bandas”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar e dispoña un gasto, por un importe total de 118.860 € (cento dezaioito mil oitocentos sesenta euros)-€, a favor da Federación de Bandas Populares de Música CIF. G-36855906 en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio..

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO – FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO.

Vigo, o de dous mil sete,

REUNIDOS

Dunha parte, D.IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei, s/n, CP 36202; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, CIF G-36855906, con domicilio social en Vigo, rúa Canteiros, 53; actuando en representación desta.

MANIFESTAN

1. Que o Concello de Vigo ven realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo, mediante a programación de ciclos de concertos e actuacións distintos barrios da cidade o longo de todo o ano dentro do programa denominado “Vigo, un mar de bandas”, co obxecto de achegar a a música ós cidadáns e fomentar a creación de novos públicos.

2. Que dende o ano 1990 o Concello de Vigo e as bandas populares de música de Vigo veñen suscribindo convenios de colaboración de forma ininterrumpida, con resultados moi satisfactorios para ambas partes.

Considerando o interese do exposto, o Concello de Vigo e a Federación de bandas populares de música de Vigo establecen a súa relación para o exercicio 2007 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do término municipal agrupadas na Federación de Bandas, a través da programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios e centro da cidade, dentro do programa “Vigo, un mar de bandas”.

SEGUNDA.- O importe total deste convenio, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a 118.860 € (cento dezaioito mil oitocentos sesenta euros), aplicable á partida 451.2.227.06.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio 2007.

TERCEIRA.- O número total de actuacións con cargo ó presente convenio será de cento dezasete (117), trece por cada unha das bandas asinantes, sendo unha delas de carácter gratuito no lugar, data e hora que determine o Concello de Vigo

As contías que se establecen por actuación e banda, a proposta da federación, son as seguintes:

<i>“UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES”</i>	<i>1.176.-</i>
<i>“UNIÓN MUSICAL DE CORUXO”</i>	<i>1.176.-</i>
<i>“ESCOLA DE MUSICA DE BEADE”</i>	<i>1.176.-</i>
<i>“AGRUPACION MUSICAL ATLANTIDA DE MATAMÁ</i>	<i>1.176.-</i>
<i>“LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA”</i>	<i>1.114.-</i>
<i>“ESCOLA DE MÚSICA DA UVCD DE CANDEÁN”</i>	<i>1.114.-</i>
<i>“UNION MUSICAL DE CABRAL”</i>	<i>991.-</i>
<i>“AS DELICIAS DO CAEIRO-CABRAL”</i>	<i>991.-</i>
<i>“ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE”</i>	<i>991.-</i>

Nestas cantidades enténdense incluídos tódolos gastos que se deriven da actuación das bandas (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...) o importe total do programa ascende a 118.860 euros. (1.176x12x4; 1.114x12x2; 991x12x3).Cada banda realizará unha actuación de carácter gratuito.

CUARTA.- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuito, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle á Concellería de Festas e Animación Sociocultural, en coordinación coa federación. Quedarán excluídas do convenio aquelas actuacións en festas populares; ademais, incluíranse actuacións en desfiles, pasarrúas ou procesións, ata un máximo de catorce.

Ademais dos concertos que se programen en base a este convenio, o Concello de Vigo poderá contratar a calquera das bandas asinantes para a súa actuación nun acto oficial, aboándosele por este concepto a cantidade estipulada anteriormente.

QUINTA.- As obrigas que asume a Federación de bandas de música populares de Vigo respecto do Concello son as seguintes:

- 1. Que cada unha das nove bandas representadas a través da Federación e relacionadas na cláusula terceira, realicen trece actuacións, unha delas de carácter gratuíto a decidir polo Concello*
- 2. A Concellería de Festas e Animación Sociocultural comunicará á federación os lugares, datas e horas das actuacións de cada banda:*
 - se a data indicada estivera dispoñible, a banda quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.*
 - se a data estivese comprometida previamente, a banda terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o*
 - recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.*
 - Toda actuación que se realice sen a autorización previa da Concellería de Festas non será aboada con cargo a este convenio.*
- 3. As bandas presentarán á Federación de Bandas Populares de Vigo solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes "certificacións de actuación" (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio), antes do día 26 de decembro.*
- 4. A Concellería de Festas entregará á Federación de Bandas un total de 9 estruturas publicitarias desmontables co seu logotipo oficial, para repartir a cada unha das bandas asinantes. Esta estrutura deberá estar presente nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visible. En caso de que algunha das bandas incumpla este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada banda responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.*

SEXTA.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural, deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo da Concellería de Festas naquel que edite a propia entidade.*
- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.*
- Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.*

SÉTIMA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas e animación Sociocultural, son as seguintes:

- 1. Programar as datas e lugares das actuacións, que poderán ter estrutura de ciclos, segundo os criterios que estipule coa Federación de Bandas. Así mesmo, organizará un ciclo dentro das Festas do Cristo da Victoria 2007, no que tomarán parte obrigatoriamente as nove bandas, e que se celebrará en lugar a determinar polo concellería, entre os días 15 de xullo e 1 de agosto, ambos inclusive.*
- 2. Comunicarlle á federación os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para os concertos e 5 días naturais para os actos oficiais. Debido a isto, poderá desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro Xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.*

3. *Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión ós medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.*
4. *Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas coas propias bandas de música implicadas ou en todo caso coa Federación de Bandas, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ó aire libre en zonas peatonais, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respetar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.*

OITAVA.- O mecanismo de seguemento deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación", asinados pola entidade correspondente, e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas durante os concertos.

NOVENA.- O Concello de Vigo aboará a Federación de Bandas de Música Populares de Vigo a cantidade estipulada na cláusula segunda 118.860 € (cento dezaoto mil oitocentos sesenta euros) do seguinte xeito:

- ✓ *Un primer pagamento na segunda quincena maio por importe de 39.620 euros (trinta e nove mil seiscientos vinte) que tramitaráse previa solicitude de pagamento polo Rexistro Xeral. A Federación de Bandas Populares terá que incorporar á antedita solicitude tódolas certificacións de actuacións realizadas polas bandas durante ese periodo.*
- ✓ *Un segundo pagamento na segunda quincena de setembro por importe de 39.620 euros (trinta e nove mil seiscientos vinte) que tramitarase previa solicitude de pagamento polo Rexistro Xeral. A Federación de Bandas Populares terá que incorporar á antedita solicitude tódolas certificacións de actuación realizadas polas bandas durante ese periodo.*
- ✓ *Un terceiro e derradeiro pagamento na primeira quincena de decembro por importe de 39.620 euros (trinta e nove mil seiscientos vinte) . A Federación de Bandas Populares terá que incorporar á antedita solicitude tódolas certificacións de actuación realizadas polas bandas durante ese periodo.*

O pagamento tramitarase previa certificación da responsable técnica da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do cumprimento do clausulado do presente convenio. A federación terá que aportar ademáis, o informe final relativo o desenvolvemento do programa.

DÉCIMA.- O Concello de Vigo poderá descontar no derradeiro pagamento as contías correspondentes por actuación e banda (recollidas na cláusula terceira) polos seguintes motivos:

1. *Unha incomparecencia inustificada a un concerto.*
2. *Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións.*
- *Por non ter presente a estrutura publicitaria en dous concertos.*

DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007. Así mesmo, non será prorrogable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Concello de Vigo non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

DECIMOTERCEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por triplicado na data e lugar indicados, facilitándoselles unha copia a cada unha das bandas asinantes.

37(600).- BASES INCENTIVOS PARA PROMOVER ACCIÓNS E/OU PROGRAMAS EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A ELIMINACIÓN DE ELEMENTOS DE DISCRIMINACIÓN SEXISTA NOS CENTROS EDUCATIVOS. EXPTE. 2844/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 21.03.07, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 15.03.07, conformado pola concelleira de Muller e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria e bases dos Incentivos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista nos centros educativos:

“BASES INCENTIVOS

INCENTIVOS PARA PROMOVER ACCIÓNS E/OU PROGRAMAS EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A ELIMINACIÓN DE ELEMENTOS DE DISCRIMINACIÓN SEXISTA NOS CENTROS EDUCATIVOS.

✓ *XUSTIFICACIÓN*

Dentro do marco do III Plan de Igualdade De Oportunidades Entre Mulleres e Homes Do Concello de Vigo 2005-2007, recóllese o obxectivo de fomentar a igualdade de oportunidades de nenos e nenas dende as institucións educativas, así como favorecer e difundir a posta en marcha de actividades educativas que promovan a igualdade entre xéneros. Estes obxectivos inclúense no epígrafe de Coeducación nas Institucións Educativas: Escola e Familia, empregando o termo “coeducación” para referirnos á educación conxunta de dous colectivos humanos específicos: os homes e as mulleres, nun sentido máis amplo que a educación mixta. Baixo esta concepción preténdese que a educación de nenos e nenas avance cara a un modelo integral no que non teñan cabida sesgos derivados do sexismo tradicional androcéntrico.

Existen suficientes experiencias sobre os excelentes resultados educativos e sociais que proporciona o traballo dende a perspectiva coeducativa, que demostran que se pode acadar una educación máis igualitaria e integral.

Nesta liña propónse esta convocatoria de incentivos aos centros educativos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista.

Consideramos que con esta iniciativa potenciaranse proxectos e experiencias que teñan como obxectivo a promoción da igualdade de oportunidades para ámbolos dous sexos nos diferentes eidos da vida escolar: contidos curriculares, metodoloxía, espazos, funcionamentos do centro, tipo de actividades, etc, así como a incorporación da perspectiva de xénero na educación en valores.

✓ *FINALIDADE*

Favorecer e difundir a posta en marcha de actuacións educativas que promovan a igualdade entre xéneros.

✓ **DESTINATARIOS**

Tódolos centros educativos públicos e privados concertados do concello de Vigo.

✓ **SOLICITUDE**

Os centros educativos que estean interesados en participar nesta iniciativa deberán remitir ou presentar a súa solicitude segundo anexo I debidamente cumprimentada na Oficina da Muller, Praza do Rei núm.1, Vigo. Esta solicitude tamén pode ser enviada por Fax ao núm. 986430082, ou ao enderezo de correo electrónico ofi.muller@vigo.org. As solicitudes poderán presentarse dende o inicio da convocatoria ata o último día de prazo para a presentación de memorias.

✓ **MEDIDAS A ADOPTAR**

Os centros que desexen optar aos incentivos desta convocatoria deberán adoptar ou poñer en práctica medidas encamiñadas á eliminación de elementos de discriminación sexista, así como outras accións ou programas destinadas a promoción da igualdade de oportunidades. A modo orientativo propóñense as seguintes medidas:

1. *Análise dende a perspectiva de xénero dos materiais didácticos.*
2. *Establecemento de normas que regulamenten o uso compartido dos espazos comúns: zonas recreativas, de estudo, biblioteca e comúns.*
3. *Establecemento de normas que regulamenten o uso compartido de recursos e medios técnicos existentes (ordenadores, equipos multimedia, material de laboratorio, xogos e xoguetes...).*
4. *Eliminación de linguaxe sexista en rótulos, listaxes e documentación do centro.*
5. *Nos centros nos que se use uniforme optar por un modelo unisex.*
6. *Tomar medidas encamiñadas a adopción de cores non sexistas nos mandilóns de alumnado de educación infantil (rosa para nenas – azul para nenos).*
7. *Realización de actividades de conmemoración do 8 de Marzo e/ou 25 de Novembro.*
8. *Promoción de actividades deportivas mixtas, ou con equipos masculinos e femininos por deportes.*
9. *Elaboración de unidades didácticas, actividades ou outras iniciativas de promoción da igualdade de oportunidades.*
10. *Participación en actividades de igualdade programadas polo concello de Vigo ou outras entidades.*
11. *Fomento da participación do alumnado, profesorado e familias nas actividades de igualdade que se desenvolvan.*
12. *Contribución a facer visible o papel das mulleres nos contidos escolares de tódalas materias.*
13. *Promoción dunha orientación profesional non sexista.*

Enténdese que cada centro educativo presenta un único proxecto, que engloba tódalas accións ou medidas que se queiran.

✓ **MEMORIA**

Os centros participantes deberán presentar unha memoria de avaliación do desenvolvemento das accións de igualdade de oportunidades levadas a cabo durante o curso 2006 – 2007, incluídas todas aquelas que fosen iniciadas con anterioridade a esta convocatoria. Por cada unha das actividades indicárase:

1. *Título da actividade.*
2. *Obxectivo perseguido.*
3. *Persoas implicadas.*
4. *Destinatari@s.*
5. *Breve valoración dos resultados.*

Valorarase positivamente o feito de acompañar a esta memoria materiais ou documentación complementaria, como por exemplo: fotografías de actos, unidades didácticas, traballos presentados polo alumnado...

É requisito indispensable que xunto con esta memoria se entregue unha certificación da secretaría do centro conforme se realizaron as devanditas actividades ou ben que foron iniciadas e executarásen na súa totalidade antes do remate do curso.

✓ **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

As memorias presentaranse antes do 15 de maio do 2007 na Oficina da Muller do Concello de Vigo.

✓ **INCENTIVOS**

Do total de memorias entregadas farase unha valoración comparativa premiando a aquel centro docente que amose maior coherencia, implicación e traballo neste eido. O premio para o colexio gañador será de 1.000 € a investir nun proxecto de igualdade que realizarán no curso seguinte, así como un recoñecemento público da súa labor.

✓ **COMITÉ DE VALORACIÓN**

Para a valoración das memorias e concesión dos incentivos constituirase un xurado presidido pola Concelleira da Muller ou persoa en quen delegue, que actuará como Presidenta, e formado polos seguintes membros:

1 Técnico/a da Concellaría da muller

1 Técnico/a da Concellaría de educación

Un funcionario/a da Concellaría da Muller, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.

✓ **RESOLUCIÓN**

A resolución desta convocatoria realizarase por Decreto da Concellaría da Muller que se ditará en todo caso antes do 15 de xuño de 2007, procedendo á súa notificación a tódolos centros educativos participantes.

ANEXO I
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

D/Dna. _____ con DNI/NIF _____, como Director/a do Centro Educativo _____.

Solicita:

Participar na convocatoria de incentivos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista nos centros educativos.

En Vigo, ____ de _____ de 2007

O/A Director/a.

Asdo.:

CONCELLEIRA DA MULLER
OFICINA DA MULLER DO CONCELLO DE VIGO

ANEXO II
CERTIFICADO DE REALIZACIÓN

D/Dña.....como Secretario/a do
Centro,

CERTIFICA

Que tódalas actividades recollidas na memoria adxunta foron realizadas neste centro ao longo do curso 2006-07, ou ben que foron iniciadas e serán executadas na súa totalidade antes do remate do presente curso.

E para que así conste, asino a presente certificación .

En Vigo, de de 2007.
O/A Secretario/a.

Asdo.:

CONCELLEIRA DA MULLER
OFICINA DA MULLER DO CONCELLO DE VIGO

PARA SABER MÁIS SOBRE...
EDUCACIÓN E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
Guía de recursos.

4. Jaramillo Guijarro, Concepción (2001): Formación del Profesorado: Igualdad de Oportunidades entre Chicas y Chicos. Instituto de la Mujer (MTAS), Madrid.
5. <http://www.educarenigualdad.org/default.aspx>
Directorio de recursos para a igualdade e a prevención da violencia de xénero
6. <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos/coeducacionphp3>
Materiais para a educación nas etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria. Formato PDF
7. <http://sgi.xunta.es/document/guivipri.pdf>
Educar para previr a violencia de xénero. Guía para o profesorado de educación infantil e primaria.
8. <http://sgi.xunta.es/document/prevcasa.pdf>
Previr desde a casa. Promover as relacións de paz e equidade
9. <http://sgi.xunta.es/document/galix.pdf>
Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria.
10. <http://www.artefinal.com/violencia%5Fsexista%5Fen%5Flos%5Fvideojuegos/>
Violencia sexista nos videoxogos.
11. <http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/02426953211793839622202/index.htm>

Elementos para unha educación non sexista: guía didáctica da coeducación. Seminario de Alicante.

12. <http://www.educastur.princast.es/recursos/materiales/doc/coeducacion.pdf>

Guía de recursos para o profesorado. Elaborado polo Principado de Asturias.

13. <http://www.educastur.princast.es/cpr/gijon/recursos/coeducacion/udII/publicacion.pdf>

14. <http://www.educastur.princast.es/cpr/aviles/asesorias/socioling/coeducación.htm>

15. http://www.educacionenvalores.org/herramientas_didacticas.php3

web onde atopar material didáctico, experiencias, contos, propostas educativas,... sobre coeducación e igualdade, resolución de conflitos, saúde,... En varios idiomas.”.

2º.- Aprobar a convocatoria e as bases do “I Concurso Educación pola Igualdade: Visualizando novas realidades:

“I Concurso Educación pola Igualdade: Visualizando novas realidades”

Introdución- Xustificación

O III Plan de Igualdade De Oportunidades Entre Mulleres e Homes Do Concello de Vigo 2005-2007 ponse en marcha e continúa a súa andaina por dous motivos principais.

Para responder a unha necesidade social.

A persistencia das desigualdades entre mulleres e homes na nosa sociedade require medidas correctoras dos poderes públicos.

Para responder a unha necesidade educativa.

A transmisión dos estereotipos e roles de xénero ten, en moitas ocasións, carácter inconsciente, a través de diversos factores como a invisibilidade da obra das mulleres no currículo; a través das actitudes desenvolvidas inconscientemente na vida cotiá da escola e a familia; os modelos presentados por mulleres e homes; os xeitos de interactuar na aula....

Dentro do marco do III Plan de Igualdade De Oportunidades Entre Mulleres e Homes Do Concello de Vigo 2005-2007, recóllese o obxectivo de fomentar a igualdade de oportunidades de nenos e nenas dende as institucións educativas, así como promocionar traballos de investigación e a reflexión sobre as relacións entre os xéneros. Estes obxectivos inclúense no epígrafe de Coeducación nas Institucións Educativas: Escola e Familia, empregando o termo “coeducación” para referirnos á educación conxunta de dous colectivos humanos específicos: os homes e as mulleres, nun sentido máis amplo que a educación mixta. Baixo esta concepción preténdese que a educación de nenos e nenas avance cara a un modelo integral no que non teñan cabida sesgos derivados do sexismo tradicional androcéntrico.

Existen suficientes experiencias sobre os excelentes resultados educativos e sociais que proporciona o traballo dende a perspectiva coeducativa, que demostran que se pode acadar unha educación máis igualitaria e integral.

Nesta liña propónse o “I Concurso Educación Pola Igualdade: Visualizando Novas Realidades” co que se pretende que o alumnado plasme situacións cotiás da muller no ámbito público (política, deporte, espazos de ocio e profesións tradicionalmente masculinas...), así como reflectir aos homes naquelas situacións que ata non hai

moitos anos eran exclusivas das mulleres: o ámbito privado (coidado de persoas dependentes, tarefas domésticas, profesións tradicionalmente femininas, acudir a reunións escolares...).

Consideramos que a participación do alumnado nesta actividade axudará a fixar e interiorizar referentes que contribúan á normalización dunha nova realidade.

BASES DO “I CONCURSO EDUCACIÓN POLA IGUALDADE: VISUALIZANDO NOVAS REALIDADES”

1. Finalidade

Fomentar no alumnado unha nova perspectiva de xénero que rompa coa visión tradicional da división sexual do traballo, amosando un reparto xusto e equitativo dos espazos público e privado.

2. Destinatari@s

Poderá participar na convocatoria o alumnado de primaria e secundaria dos centros docentes públicos e privados concertados do Concello de Vigo, de acordo ás condicións establecidas nas presentes bases.

3. Categorías

Establécense as seguintes categorías:

- a) Educación Primaria.*
- b) Educación Secundaria.*

4. Prazo de presentación

O prazo de presentación dos traballos remata o vindeiro 15 de maio do 2007.

5. Xurado

Para a valoración e concesión dos premios constituirase un xurado presidido pola Concelleira da Muller ou persoa en quen delegue, que actuará como Presidenta, e formado polos seguintes membros:

1 Técnico/a da Concellaría da muller

1 Técnico/a da Concellaría de educación

Un funcionario/a da Concellaría da Muller, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.

O xurado emitirá o seu fallo de concesión dos premios nas distintas modalidades que se convocan antes do 30 de maio de 2007, sendo esta resolución definitiva e inapelable.

6. Criterios de valoración

- Representación das dúas facetas do concurso (Muller - espazo público, Home -espazo privado)*
- Coherencia da mensaxe coa finalidade do concurso*
- Uso de linguaxe e imaxe non sexista*
- Orixinalidade e creatividade.*
- Presentación*
- Impacto e finalidade comunicativa*
- Grao de elaboración*

Estes criterios de valoración ponderaranse nas dúas modalidades do concurso en función da etapa e ciclo educativo na que se atope o alumnado participante.

7. Condicións de participación

Poderá participar o alumnado dos centros tanto públicos como privados concertados do ámbito do Concello de Vigo. Cada alumno/a poderá presentar un único traballo.

A participación farase a través do centro docente do alumnado, mediante o certificado segundo modelo que se establece no anexo correspondente ás presentes bases, subscrita pola Secretaría do Centro na que se acredite o número e títulos dos traballos presentados con identificación da autoría, curso, nivel e etapa de ensino na que se atopa matriculado o alumnado participante, modalidade á que se presenta, así como o titor ou titora que coordinou a realización do traballo.

8. Premios e dotación

Concederanse os seguintes premios:

Categoría A

Un primeiro premio : viaxe ao parque Warner en Madrid, durante 2 días, no mes de xullo de 2007, para o alumno/a premiado acompañado de 2 adultos. (o premio engloba os gastos de viaxe en avión, aloxamento e entrada ao parque durante os 2 días.) (prezo máximo segundo proposta da axencia de viaxes: 725.-€.

Un segundo premio: bono de 300 € para canxear por artigos nunha área comercial da cidade.

Un terceiro premio: bono por importe de 200.-€ a canxear por artigos nunha área comercial da cidade.

Categoría B

Un primeiro premio : viaxe ao parque Warner en Madrid, durante 2 días, no mes de xullo de 2007, para o alumno/a premiado acompañado de 2 adultos. (o premio engloba os gastos de viaxe en avión, aloxamento e entrada ao parque durante os 2 días.) (prezo máximo segundo proposta da axencia de viaxes: 725.-€.

Un segundo premio: bono de 300 € para canxear por artigos nunha área comercial da cidade.

Un terceiro premio: bono por importe de 200.-€ a canxear por artigos nunha área comercial da cidade.

**Os premios consideramos que os debe establecer a organización, en función do presuposto do que dispoña. Os premios deben ser pensados de xeito que motiven ao alumnado a participar na actividade.*

9. Características e requisitos dos traballos.

Nas dúas modalidades, os traballos presentados terán como tema a visibilización da Muller no ámbito público e a visibilidade do home no ámbito privado, sendo preciso que cada traballo faga referencia a esta dobre faceta.

Os traballos poderán presentarse baixo calquera modalidade creativa ou artística (literaria, plástica, gráfica, musical, audiovisual...), podendo empregar os materiais e formatos que se prefiran. Deberán levar un título.

Cada traballo presentarase acompañado dun sobre pechado pegado no anverso, no que figurará a lenda “I Concurso Educación pola Igualdade: Visualizando novas realidades”, o título do traballo e a modalidade na que concursa.

Dentro do sobre introducirase un certificado do centro no que consten os datos completos do autor ou autora, así como o nivel e etapa na que se atopa matriculado/a.

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos.

10. Documentación

Os centros deberán presentar a seguinte documentación:

- 1. Entrega das obras conforme aos requisitos especificados na base novena destas bases.*
- 2. Certificación da Secretaría do Centro na que se acredite o número e títulos dos traballos presentados con identificación da autoría, curso, nivel e etapa de ensino na que se atopa matriculado o alumnado participante, así como o mestre ou mestra que coordinou a realización dos traballos.*

11. Lugar de presentación

A Oficina da Muller coordinará un servizo de recollida dos traballos en tódolos centros que participen. Os centros que desexen acollerse a esta modalidade de entrega deberán pórse en contacto coa Oficina da Muller, teléfono 986-810284 e Fax 986-430082, indicando o número de traballos que presentan con cinco días de antelación á data máxima de presentación dos traballos.

Tamén poderán presentarse directamente na Oficina da Muller, Praza do Rei núm.1, Vigo.

12. Resolución da convocatoria

A resolución do concurso escolar realizarase por Decreto da Concellaría da Muller que se ditará en todo caso antes do 30 de maio de 2007, procedendo á súa notificación a tódolos centros educativos participantes.

13. Difusión e divulgación

A Concellaría da Muller resérvase o dereito de reproducir, publicar e distribuír os traballos premiados durante un prazo de cinco anos, sen que os autores e autoras teñan dereito a retribución algunha diferente do premio obtido.

Os traballos non premiados poderán ser retirados polos seus autores nun prazo de 30 días naturais contados a partir da data de notificación do fallo do concurso.

14. Base final

A participación no presente concurso presupón a aceptación incondicional das bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas que conteñen, así como a non posibilidade de apelar o fallo do concurso.

PARA SABER MÁIS SOBRE...

EDUCACIÓN E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Guía de recursos.

- Jaramillo Guijarro, Concepción (2001): Formación del Profesorado: Igualdad de Oportunidades entre Chicas y Chicos. Instituto de la Mujer (MTAS), Madrid.*
- <http://www.educarenigualdad.org/default.aspx>*

Directorio de recursos para a igualdade e a prevención da violencia de xénero

- <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos/coeducacionphp3>*

Materiais para a educación nas etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria. Formato PDF

- <http://sgi.xunta.es/document/guivipri.pdf>

Educación para previr a violencia de xénero. Guía para o profesorado de educación infantil e primaria.

- <http://sgi.xunta.es/document/prevcasa.pdf>

Previr desde a casa. Promover as relacións de paz e equidade

- <http://sgi.xunta.es/document/galix.pdf>

Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria.

- <http://www.artefinal.com/violencia%5Fsexista%5Fen%5Flos%5Fvideojuegos/>

Violencia sexista nos videoxogos.

- <http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/02426953211793839622202/index.htm>

Elementos para unha educación non sexista: guía didáctica da coeducación. Seminario de Alicante.

- <http://www.educastur.princast.es/recursos/materiales/doc/coeducacion.pdf>

Guía de recursos para o profesorado. Elaborado polo Principado de Asturias.

- <http://www.educastur.princast.es/cpr/gijon/recursos/coeducacion/udII/publicacion.pdf>

- <http://www.educastur.princast.es/cpr/aviles/asesorias/socioling/coeducacion.htm>

- http://www.educacionenvalores.org/herramientas_didacticas.php3

web onde atopar material didáctico, experiencias, contos, propostas educativas,... sobre coeducación e igualdade, resolución de conflitos, saúde,... En varios idiomas.

ANEXO I

CERTIFICADO DE AUTORÍA

D/Dña.....como Secretario/a do

Centro,

CERTIFICA que o presente traballo, titulado, foi realizado polo/ alumno/a deste centro.....

Nivel: Etapa:

E para que así conste, asino a presente en Vigo,..... de de 2007.

Asdo.-

ANEXO II

RELACIÓN DE ALUMNOS/AS PARTICIPANTES

D/Dña.....como Secretario/a do

Centro,

CERTIFICA que este Centro presenta traballos ao I Concurso Educación pola Igualdade: Visualizando novas realidades, segundo a relación adxunta.

E para que así conste, asino a presente en Vigo, de de 2007.

Asdo.-

3º.- Autorizar o gasto máximo de 3.450.-€ para facer fronte aos premios dictaminados pola Comisión avaliadora con cargo á partida 4632 2270606 do presuposto vixente”.

38(601).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO DE NEGOCIADO DA SUBMINISTRACIÓN DE 100 BICICLETAS PARA O TRANSPORTE URBANO DE CIDADÁNS. EXPTE. 1726/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 9.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar deserto o procedemento negociado da subministración de 100 bicicletas para o transporte urbano de cidadáns. Expte. 1726/241, por non se teres presentado licitadores.

39(602).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO DE NEGOCIADO PARA O MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN E XESTIÓN DUN SISTEMA DE BICICLETAS EN VIGO. EXPTE.1725/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 9.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarara deserto o procedemento negociado do mantemento, conservación e xestión dun sistema de bicicletas en Vigo. Expte. 1725/241, por non se teren presentado licitadores.

40(603).- AUTORIZACIÓN DE GASTO CORRESPONDENTE Ó CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA, IMPRESOS E PAPEL DE FOTOCOPIADORA DURANTE O ANO 2007. EXPTE. 1109/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 16.03.07, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o gasto de 52.977,43 euros a favor de Juan Manuel Saez Silva para a confección dos impresos correspondentes o ano 2007, todo iso de acordo co contrato que lle foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de 29-05-2007, este gasto se financiará con cargo a partida 121.6.220.00.02 ou a súa bolsa de vinculación do presuposto do ano 2007.

2º.- Aprobar o gasto de 20.081,51 euros a favor de Paz Dismac, S.L. para a subministración de material de oficina correspondentes o ano 2007, todo iso de acordo co contrato que lle foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de 29-05-2007, este gasto se financiará con cargo a partida 121.6.220.00.02 ou a súa bolsa de vinculación do presuposto do ano 2007.

3º.- Aprobar o gasto de 20.000 euros a favor de Guilbert España, S.L. para a subministración de papel A4 para fotocopiadoras e impresoras correspondentes o ano 2007, todo iso de acordo co contrato que lle foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de 29-05-2007, este gasto se financiará con cargo a partida 121.6.220.00.02 ou a súa bolsa de vinculación do presuposto do ano 2007.

41(604).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A TRAMITACIÓN DA GUÍA CIDADÁ. EXPTE. 1140/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 2.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “QDQ Media S.A.U.” o procedemento negociado para a tramitación da Guía Cidadá. Expte 1140-321 por un importe de 21.499,44 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 26.02.2007 e a oferta presentada.

42(605).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ SEOANE VARELA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 744/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 9.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Seoane Varela presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de setembro de 2005, no que expón que o día 9 de xuño de 2005, camiñando pola rúa Coruña, á altura do número 26, tivo unha caída por mor do mal estado do pavimento da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 20/09/2005, sobre o desperfecto da beirarrúa.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 976,96 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 25/01/2006, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Seoane.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 17/02/2006 que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser

indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente.

E así resulta constatado que D. José Seoane Varela caeu o día 09/06/2005 á altura do número 26 da rúa Coruña, producíndose unhas lesións que o ditame médico solicitado ó efecto cuantifica en 976,96 euros.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente suposto, contátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa o día da caída. Non obstante, tal e como manifesta a testemuña proposta polo solicitante nese intre era de día, a mediodía e a visibilidade era boa, e tal e como se observa nas fotografías achegadas ó expediente e resulta da propia pobra testifical, o defecto era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito non constituindo un defecto ou trampa oculto e o accidentado é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que resulta acreditado que D. José Seoane Varela non controlou o seu propio deambular propiciando esta circunstancia a súa caída.

Engadidamente, e conforme coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia en ditame 291/2006, en suposto similar, hai unha circunstancia moi cualificada e relevante que se debe ter en conta, e que é que o reclamante reside preto do defecto estrutural da beirarrúa, e era polo tanto coñecedor do mal estado da beirarrúa, como manifesta no seu escrito de 02/09/2005.

Cuarto.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o

funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Seoane Varela por unha caída ocorrida o día 9 de xuño de 2005 na rúa Coruña, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(606).- RECLAMACIÓN DE D^a. IRIA ALVAREZ FREIRE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 738/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 9.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Iria Álvarez Freire presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de agosto de 2005, no que expón que o día 30 de agosto de 2005, camiñando pola rúa Cachamuíña, á altura da praza do Rei, tivo unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 30/08/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Álvarez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán o estado da beirarrúa á que lle faltan baldosas e as lesións producidas á reclamante, que é trasladada en ambulancia ó Hospital xeral.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 05/10/2005, sobre o estado da beirarrúa na data do informe.*
- Práctica de proba testifical, con data 10/11/2005, ás testemuñas recollidas no parte da Policía Local, que confirman os extremos alegados pola Sra. Álvarez.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.632,18 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 23/02/2006 que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliábel economicamente.

E así resulta constatado que a reclamante sufriu o día 30/08/2005 unha caída, á altura do número 4 da Ronda de Don Bosco, lesións que o ditame médico ó efecto valora en 1.632,18 euros.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa o día da caída. Unha das testemuñas proposta manifesta que na zona onde caeu atópanse levantadas todas as baldosas e que iso pode verse inclusive dende a outra beirarrúa. O informe do servizo de Vías e Obras do Concello di que os defectos ocupan 5 m², podendo verse a 4 metros de distancia. Achega fotografías onde este se observa claramente. Por outra banda, da proba testifical practicada e dadas as datas nas que tivo lugar, constátase que era de día e había unha visibilidade normal.

Polo tanto, e como resulta da proba practicada, os defectos eran perfectamente visíbeis en condicións normais de circulación e tránsito non constituíndo ningún defecto ou trampa oculto, e a accidentada é unha persoa nova, da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que resulta acreditado que Dna. Iria non controlou o seu propio deambular, por despiste ou outra circunstancia, provocando iso a súa caída. Engádese a isto ademais a circunstanza que saía de traballar no momento, atopándose o centro de traballo a carón do lugar e dirixíase segundo manifesta á súa casa, co que se pode supór que era perfectamente coñecedora do lugar.

Cuarto.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa

subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Iria Álvarez Freire por unha caída ocorrida o día 30 de agosto de 2005 na rúa Cachamuíña, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(607).- RECLAMACIÓN DE D^a. ROSA RIAL ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 735/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 9.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. M^a Rosa Rial Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de agosto de 2005, no que expón que o día 26 de agosto de 2005, camiñando pola rúa Gerona, á altura do número 17, tivo unha caída por mor dunha focha, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 26/08/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Rial relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobamos as lesións da reclamante e a falta de varias baldosas da beirarrúa.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 28/09/2005, sobre o estado da beirarrúa na data do informe.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 814,17 euros.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/02/2006, no que indican descoñecer se houbo reparacións da beirarrúa con posterioridade á caída da Sra. Rial.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 17/02/2006 que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser

indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 26/08/2005, a reclamante foi atendida ás 17:48 horas no servizo de Urgencias de Povisa dunha lesión causada por caída accidental había escasas horas, que a asesoría médica en ditame ó efecto valora en 814,17 euros.*
- No expediente hai parte do servizo da Policía Local no que se di que requiridos ó efecto pola reclamante, sendo as 20:30 horas, esta lle manifesta que ás 16:00 horas caeu no lugar, observando os axentes que faltaban varios trozos do baldosado da beirarrúa á altura do número 17.*
- Se ben nun primeiro escrito de 29/08/2005, a reclamante manifesta que caeu á altura do número 17 da rúa Xerona, nun escrito, no que di que caeu á altura do número 27. Así mesmo, ós axentes maniféstalles que caeu ás 16:00 horas, no primeiro escrito ás 17:00 horas, e noutro ás 17:48 horas. O parte médico de urgencias que ó é das 17:48 horas menciona que sufriu caída había escasas horas.*

De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, circunstancias nas que por certo se contradi, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refírese a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº

461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impedise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulación.

Cuarto.- Consonante co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Rosa Rial Alonso por unha caída ocorrida o día 26 de agosto de 2005 na rúa Gerona, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(608).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a DEL MAR ALVAREZ GUTIÉRREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 706/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 30.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Mar Álvarez Gutiérrez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de agosto de 2005, no que expón que o día 14 de xullo de 2005, mentres camiñaba pola avenida de Castrelos, á altura do número 46, sufriu unha caída por estar a beirarrúa levantada e sen lousas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 14/07/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a nai da Sra. Álvarez relátalles o accidente que tivera a súa filla; igualmente comprobán a falta dunha lousa na beirarrúa.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 14/09/2005, sobre o estado da beirarrúa na que se produciu o accidente.

- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.046,73 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 07/02/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *O día 14/07/2005 a reclamante sufriu segundo o parte de urxencias unha contusión no xeonllo dereito, que o dictame médico solicitado ó efecto valora en 1.047 euros.*

- Dos feitos, isto é, da caída e das circunstancias en que aconteceu non hai testemuñas directas, por canto a Policía Local acode ó lugar a requirimento da nai da interesada con bastante posterioridade, e intentada a proba testifical non se practicou pola falta de comparecencia da persoa citada.
- Se ben a interesada alega que é minúscula non se acredita esta circunstancia, descoñecendo a que parte do corpo ou sentido afecta.
- O informe do servizo de Vías e Obras de data 14/09/2005 di que o desperfecto na beirarrúa é de aproximadamente 0,40 x 0,80 metros e divídase a unha distancia prudencial. Achega fotos do lugar, onde o defecto se observa claramente.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refírese a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha distancia prudencial, e na reclamante non consta con certeza ningún defecto físico que lle impedise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulación.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Mar Álvarez Gutiérrez por unha caída ocorrida o día 14 de xullo de 2005 na avenida Castrelos, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

46(609).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ GÓMEZ ARCEO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 703/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 30.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Gómez Arceo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de agosto de 2005, no que expón que o día 16 de xuño de 2004, mentres camiñaba pola rúa Policarpo Sanz, á altura do número 3, sufriu unha caída por mor do estado esvaradizo das baldosas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 16/06/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Gómez relátalles o accidente que tivera ó esvarar por un pegote de cola; igualmente comprobán que este se lastimara nos xeonllos e un pantalón.
- Práctica de proba testifical, con data 21/10/2006, a unha das testemuñas propostas polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Gómez.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.364,67 euros.
- Informe do servizo de Limpeza, con data 07/12/2005, sobre a frecuencia da limpeza da vía onde ocorreu o accidente.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 20/01/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Constatado no expediente que o reclamante sufriu un dano físico ó caer na vía pública, que nun primeiro momento diagnósticase de contusión no xeonllo esquerdo, cóbado e pulso derreitos, cómpre valorar este dano. E a estes efectos resulta esencial o informe médico da Ibermutuamur de data 25/08/2004, no que ante a mobilidade

completa do xeonllo sen secuelas d que o paciente causa alta médica por curación o 06/08/2004. E así o dictame médico solicitado ó efecto, de conformidade co artigo 89.5 da Lei 30/1992 di “Con respecto a la lesión reflejada en el estudio de RMN de rodilla izquierda Rotura parcial del ligamento colateral medial, con fecha 06/08/04 el Dr. Juan M. Gómez Canedo informa de movilidad completa de la rodilla, no signos inflamatorios, no sinovitis-hidrartratos, no signos de inestabilidad para ligamentos colaterales ni cruzados y maniobras meniscales negativas. Por lo tanot en el momento del alta el paciente está asintomático y con fecha 06/08/04 coge la baja de su Médico de cabecera hasta el 11/01/05 sin que exista informe médico que lo justifique. Según consta recibe el alta laboral el 11/01/06 por jubilación, que por lo que se ve ha forzado la baja hasta la jubilación y que por lo tanto no procede.”

Terceiro.- Nesta materia e segundo a doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicia (entre outros, ditame 401/2006), cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é imprevisíbel e non se pode acreditar a súa orixe e nin sequera o momento temporal en que se formou, xa que de poderse constatar que se formara con anticipación de días, ou logo dun importante número de horas abondas para detectar e despear a vía dese elemento estraño, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa (STS 07/10/1997 e 03/12/2002).

E así o Tribunal Supremo na súa sentenza de 11/02/1987 di que non existindo o menor antecedente acerca do momento no que tivo lugar o derrame na calzada, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado, polo que non cabe imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha mancha que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel e por conseguinte falta o nexo causal preciso entre o dano ocasionado e o actuar da Adminsitración no mantemento público de viais. No expediente, polo tanto, se ben se acredita un pegote de cola na beirarráu non se pode determinar nin a súa orixe nin canto tempo estivo o pegote na rúa. A certeza, por outra banda, de que non proviñan de ningunha obra ou actuación que estivese a realizar o Concello leva a admitir que quedou aí depositado por unha circunstancia imputábel a un terceiro, polo que se rompe a necesaria relación de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público, tendo en conta ademais que resulta acreditado por informe do servizo de Limpeza do Concello que na beirarrúa citada realízase limpeza diaria en tres quendas.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Gómez Arceo polos danos físicos e materiais ocasionados por unha caída acaecida o día 16 de xuño de 2004 na rúa Policarpo Sanz”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

47(610).- CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO Ó FONDO SOCIAL E AXUDAS SOCIO-SANITARIAS 2006, COMO CONSECUENCIA DE RECLAMACIÓNS. EXPTE. 17153/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.03.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 12.03.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Autoriza-lo abono das seguintes axudas especiais por importe total de 11.629,00 €. (ONCE MIL SEISCENTOS VINTENOVE EUROS), ós seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL	€
<i>Blanco Bejega, MNª Dolores</i>	35.546.768	21752	1.200,00
<i>Fernández Alonso, José A.</i>	36.037.789	12055	1.835,00
<i>Macías Núñez, Manuel</i>	34.704879	10754	1.600,00
<i>Mariño Villanueva, Julia</i>	36.045.806	22361	3.570,00
<i>Martínez-Murillo Campos, M. Concep.</i>	36.096.910	22757	102,00
<i>Pazos Castro, Alicia</i>	35.968.288	20451	192,00
<i>Sanmartín Cerqueira, José M.</i>	36.128.192	76568	780,00
<i>Vázquez Martínez, Juan M.</i>	34.579.340	12405	1.028,00
<i>Vázquez Pazó, Modesto</i>	36.063.855	77034	165,00
<i>Villares Vila, Modesta</i>	36.084.242	22540	1.157,00
SUMA TOTAL			11.629,00

2º.- Autoriza-lo abono das seguintes axudas socio-sanitarias correspondentes o pasado ano 2006 – por reclamación- por importe total de 3.709,00 €. (TRES MIL SETECENTOS NOVE EUROS), ós seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL	€
<i>Abalde Blanco, Carlos</i>	35.915.770	15390	385,00
<i>Alvarez Fernández, María Luisa</i>	36.078.187	77251	265,00
<i>Arenas Villarroel, Santiago</i>	36.041.201	18388	300,00
<i>Bermúdez Paredes, C. Sonia</i>	36.005.638	78515	265,00
<i>Campos Iglesias, Enrique</i>	36.046.583	18313	10,00
<i>Comesaña Denís, Cristina</i>	36.022.446	15154	385,00
<i>Davila Pérez, Juan</i>	35.988.970	14491	55,00
<i>Fernández González, Mª Jesús</i>	36.019144	22823	395,00
NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL	€
<i>Galego Valat, Modesto</i>	35.955.192	17650	70,00
<i>Guisande Estévez, Rogelio</i>	34.620.228	10116	265,00
<i>Moledo Alonso, Rafael</i>	36.105.623	20899	182,00
<i>Núñez Aboy, Marta</i>	36.138.380	78436	150,00
<i>Pérez Carrera, Carlos M.</i>	36.044.487	18276	385,00
<i>Pitillas Torra, Francisco J.</i>	22.643.038	21108	80,00
<i>Rivero Troncoso, Mercedes</i>	35.548.455	22020	10,00
<i>Souto López, Igor</i>	33.563.613	79353	250,00
<i>Zaragoza Bastos, Juan A.</i>	35.997.115	17704	257,00

SUMA TOTAL	3.709,00
------------	----------

48(611).- SOLICITUDE DE PERSIMO SEN SOLDADO DE D. OSCAR GALLEGO, GARDA DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 17167/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 11.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D. OSCAR GALLEGO LORENZO (núm. persoal 79351), axente da Policía Local, un permiso sen soldo por asuntos personais, no período comprendido entre o 30 de xuño e o 30 de outubro de 2007, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.

49(612).- SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2005. EXPTE. 17216/220. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 11.03.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo primeiro tenente de Alcalde, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

ÚNICO.- En escrito de data 30/03/2007 (documento nº 70040967) o traballador D. José España Piñeiro, con DNI 36.037.970-Y e nº de persoal 15094, coa categoría profesional de inspector adscrito ao Servizo de Medio Ambiente, formula solicitude de suspensión da execución dos procesos selectivos convocados ao abeiro da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005, en atención aos presuntos prexuízos irreparables que a execución dos mesmos se lle poden causar ao dito reclamante, toda vez que o mesmo ten interposta unha reclamación en vía xurisdiccional laboral.

A data de hoxe, non consta a presentación de recurso algún en vía xurisdiccional contencioso-administrativa contra as bases xerais e específicas rectoras da Oferta de Emprego Público.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. As alegacións presentadas, sen seren denominadas como tal, poden considerarse como un recurso potestativo de reposición, de conformidade co consignado no artigo 110.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, dado que o erro na calificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

II. No artigo 110 da mesma norma se recolle a figura xurídica da suspensión da execución dos actos administrativos, que supón unha excepción legal á norma xeral da executividade recollida no artigo 56 da dita

Lei, así como da executoriedade subseguintemente derivada, consignada no artigo 94. Deste xeito –e como afirma a propia Lei no artigo 111 antedito- a interposición de calquera recurso, excepto nos supostos nos que unha Lei estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. Nembargantes, o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación suficientemente razoada entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros e a suspensión e o prexuízo que se causa ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que a execución poida causar danos de imposible ou difícil reparación.*
- b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 da Lei 30/1992 (actos lesivos para cos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, actos dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio, actos de contido imposible, actos constitutivos de infracción penal ou dictados como consecuencia de ésta, actos dictados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colegiados, actos que vulneren calquera requisito ou suposto establecido por norma con rango de Lei).*

Observando as circunstancias existentes no presente caso, non se aprecia a concorrencia de circunstancia xeneradora dos supostos legalmente establecidos para que a suspensión poida ser acordada, dado que o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/03/2007 non resulta lesivo para cos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, nin ten sido dictado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio, nin é de contido imposible, nin é constitutivo de infracción penal ou dictado como consecuencia de ésta; non tendo sido tampouco dictado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colegiados, nin existe norma con rango de Lei que estableza requisito ou suposto algún que se teña vulnerado.

A reclamación xudicial formulada polo recorrente se atopa no momento actual en vía xurisdiccional laboral perante o Xulgado do Social nº 4 de Vigo, debendo puntualizarse que unha eventual impugnación das bases rectoras da oferta de emprego público –a cal na data de hoxe non consta teña sido presentada- debería interpoñerse perante os xulgados da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, en aplicación do artigo 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, que é a única competente para dirimir o axuste á legalidade dos actos administrativos de desenvolvemento e execución das ofertas de emprego público e das formas de provisión de postos de traballo nas Administracións Locais.

Asemade, e ponderando o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros e a suspensión e o prexuízo que se causa ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, non cabe dúbida que sería moito maior o prexuízo que padecería o interese xeral de acordarse a suspensión da execución dos procesos selectivos contida no acto impugnado, toda vez que no momento presente existe un elevado número de aspirantes ás 168 prazas convocadas, que verían paralizadas as expectativas de acceso a un posto de traballo no sector público en condicións de igualdade; expectativas que poden ser consideradas como intereses xurídicos lexítimos derivados do artigos 14 e 103.3 da vixente Constitución de 1978.

A maior abundamento, o recorrente xa presentara alegacións ás bases xerais e específicas rectoras da Oferta de Emprego público 2005, formuladas en escrito de data 16/06/2006 (documento nº 60067140), nas cales –previa exposición dunha situación de carácter estrictamente persoal que non era obxecto das bases rectoras da oferta de emprego público, como é a cuestión da adaptación do posto de traballo que ocupa, debido a circunstancias de carácter físico, situación debidamente considerada polo Xefe do Servizo correspondente, de xeito tal que ao traballador non se lle encomenda traballo algún cuxa realización lle sexa imposible, como así se manifestou no

seu momento- o recorrente solicitaba que se permitise optar á praza denominada “inspector auxiliar de concesionarias”, pertencente ao grupo D de titulación, escala de administración especial, subescala servizos especiais, reservada para promoción interna entre persoal funcionario.

A tal efecto invocaba o disposto no artigo 22 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; artigo que, como xa se lle respostou no seu momento, únicamente ten carácter básico en canto ao seu apartado primeiro, de xeito tal que o párrafo segundo citado polo alegante non pode ser de aplicación directa ao suposto concreto, por non ter carácter básico e por tratarse de materia de competencia autonómica. Na vixente Lei galega 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, en redacción dada pola Lei 3/1995, únicamente se contempla a funcionarización do persoal laboral fixo con carácter excepcional, en tres convocatorias consecutivas que tiveron lugar na década dos anos 90, no cal o persoal contratado en réxime laboral pola Xunta de Galicia no inicio do seu funcionamento tivo a posibilidade de optar a prazas reservadas para persoal funcionario, como así manifestou o Servizo de Selección e Provisión de Postos de Traballo da Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia.

Dado que o persoal laboral fixo está sometido nos seus dereitos, obrigas e contido do vínculo contractual ao réxime xurídico laboral –o cal se rexe por principios informadores e rectores ben diferentes aos aplicables para o persoal funcionario, sen prexuízo dos instrumentos de negociación colectiva que resulten de aplicación- a alegación formulada foi desestimada.

III. Como apunte último, e sen prexuízo do dereito do recorrente ao exercicio das accións administrativas e xudiciais que as Leis lle outorgan, non parece que a solicitude de suspensión da execución da oferta de emprego se axuste ao principio da boa fe, contemplado no artigo 7 do vixente Código Civil, dado que os dereitos deberán de exercitarse conforme ás esixencias da boa fe; boa fe que, si é esixible á Administración en virtude do disposto no artigo 3 da Lei 30/1992, tamén en xusta reciprocidade debe ser esixida aos recorrentes-administrados no exercicio dos seus dereitos.

IV. Visto o anteriormente dito, e considerando as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local en canto aos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación, elévase ao devandito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado en data 30/03/2007 (documento nº 70040967) por D. José España Piñeiro, con DNI 36.037.970-Y e nº de persoal 15094, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/03/2007 (BOP nº 63, do xoves 29 de marzo do 2007), polo que se aproban as listas de admitidos e excluídos e se procede á designación e convocatoria dos tribunais cualificadores e fixación de hora, data e lugares de celebración dos exercicios dentro do marco da Oferta de Emprego Público 2005, polos motivos e fundamentos xurídicos expostos nos antecedentes, e conseguintemente desestimar a solicitude de suspensión dos procesos selectivos convocados ao abeiro da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005, dado o prexuízo que se causaría ao interese xeral e dada a falta de concorrencia dos supostos legalmente establecidos ao efecto no artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

SEGUNDO.- Contra o presente acordo poderás interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións do recollido nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de 2

meses contados dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime procedente en defensa dos seus dereitos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

50(613).- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A D. JOSÉ VALEIJE CARPINTERO, TITULAR DA LICENZA Nº 128 DE EUROTAXI. EXPTE. 73205/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 22.03.07, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidde e Seguridade e a concelleira-delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a concesión dunha axuda económica por importe de 2.404 EUROS, ao titular da licenza de eurotaxi, licenza nº 128, D. José Valeije Carpintero, con D.N.I. 34.620.123-V, para contribuir aos maiores custos do citado servizo, con cargo ao vixente orzamento, partida nº 31304700000, da área de Benestar Social por un importe de 1.502.5 € e a partida nº 22204700000, da área de Mobilidade e Seguridade, por un importe de 901.5 €.

51(614).- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A D. FRANCISCO LUIS GONZÁLEZ, TITULAR DA LICENZA Nº 307 DE EUROTAXI. EXPTE. 73206/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 22.03.07, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidde e Seguridade e a concelleira-delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a concesión dunha axuda económica por importe de 2.404 EUROS, ao titular da licenza de eurotaxi, licenza nº 307, D. Francisco Luis González, con D.N.I. 34.720.508-F, para contribuir aos maiores custos do citado servizo, con cargo ao vixente orzamento, partida nº 31304700000, da área de Benestar Social por un importe de 1.502.5 € e a partida nº 22204700000, da área de Mobilidade e Seguridade, por un importe de 901.5 €.

52(615).- PROXECTO DE URBANIZACION DA RÚA ASTURIAS ENTRE AS RÚAS PINO E TRONCOSO. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4678/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 5.04.07, conformada polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O 23.11.06 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu o seguinte informe: “(...) En data 26 de Maio de 2005, don Julio González-Babé Ozores, en representación de Centro Médico Galego S.A., presenta para a súa tramitación o proxecto de urbanización da rúa asturias entra ruas Pino e Troncoso -Vigo, e desenrola as previsions da Modificación puntual da subsanación de deficiencias na adaptación do P.G.O.U: de vigo de 1998 a ley 11/85 de adaptación da ley do solo a Galicia (P.G.O.U. 93) (Exp-7617/411) aprobado definitivamente o 27 de setembro do 2004. Este proxecto foi redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Rafael llano de la Concha, de Noroeste de arquitectura e ingeniería, con sucesivos visados de fechas 2 de Maio do 2006, 7 de Xullo do 2006 e de fecha 11 de Septiembre do 2006, unha vez introducidos os axustes solicitados. Os efectos fiscales que

corresponda, O Orzamento de Execución Material ascende a cantidade de 149.809,43 € polo que dacordo co apartado 3.8.1.2i das vixentes NN.UU., deberán presentar un Aval polo 100% a aprobación definitiva. A Urbanización ten unha superficie total de 1.162,75 m², correspondendo a totalidade da superficie a rúa e beirarruas. Dita urbanización está composta por unha rúa de 87 m de longo e de 12 m de ancho dividida en dúas peirarrúas de 1,80 m e unha calzada de 8.40 m para dous carriles e unha liña de aparcamiento. A urbanización dispoñe de todos os servizos urbanísticos habituais; rede de pluviais, saneamento, abastecemento e rega, alumeadado público, comunicacións e mobiliario urban. O proxecto cumpre coas vixentes NN.UU., cos artigos 67 ao 70 do RPU, e co decreto 35/2000 de accesibilidade. Adxuntanse os informes favorables dos servizos de Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns. O comezo das obras terá que ser posto en coñecemento do coordinador da área de servizos para efectuar o seguimento das mesmas e coordinar os diversos departamentos municipais que vaian ter competencia unha vez sexan entregadas. O solicitar a recepción das mesmas facilitarase o realmente executado en soporte informático. A dirección facultativa das obras estará obrigada a entregar a inspección municipal das obras aqueles ensaios e/ou documentos que avalen a idoneidade das unidades que por aquela fosen considerados necesarios, conforme o prego de prescricións técnicas. O acordo de aprobación inicial, así como o período de exposición o público notificarase as empresas Unión Fenosa, Aqualia e as de comunicacións, ademais dos propietarios dos terrenos incluídos no ámbito do proxecto (...)

Constan no expediente os informes dos servizos municipais de “Electromecánicos” (17.11.2006) e “Montes, parques e xardíns”. Asemade, no mes de maio de 2006 comunicóuselle a súa tramitación ás entidades mercantís “Unión Fenosa”, “Gas Galicia”, “R”, e “Telefónica”, sen que formularan ningunha observación ao respecto.

A Xunta de goberno local acordou o 4.12.06 o seguinte: “(...)PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da rúa Asturias, entre as rúas Pino e Troncoso, promovido pola entidade “Centro Médico Galego SA”, subscrito polo enxeñeiro de camiños D. Rafael Llano de la Concha, vixado polo colexio de enxeñeiros no 02/05/2006, 07/07/2006 e 11/09/2006 (expte. 4678/401). SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na provincia. Notifíquese o seu contido íntegro aos interesados polo mesmo, así como ás entidades concesionarias de servizos públicos (...)”.

O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP de Pontevedra o 29.12.06 e no Faro de Vigo o 22.12.06. Segundo a certificación do secretario da Xerencia municipal de urbanismo de 26.01.07, non se presentou alegación algunha.

FUNDAMENTOS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someuse a información pública polo prazo mínimo de vinte días, sen que houbera ningunha alegación.
2. Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.

3. Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, PROPÓÑESE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da “rúa Asturias, entre as Rúas Pino e Troncoso” (expte. 4678/401), promovido pola entidade “Centro Médico Galego, S.A.”, subscrito polo enxeñeiro de camiños D. Rafael Llano de la Concha, visado polo seu colexio profesional no 02.05.06, 07.07.06 e 11.09.06.
2. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A.". Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

53(616).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA U.A. 6 GALINDRA. EXPTE. 4735/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 5.04.07, que di o seguinte:

En data 25/03/2002 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior "C-SU-UA6-GALINDRA" (expte. 4964/411). As súas ordenanzas publicáronse no BOP núm. 82, do 30.04.2002.

No 04.07.2002 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo acordo: "(...) Segundo.- Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do polígono de propietario único 'C-SU-UA6-Galindra', na súa versión definitiva, promovido pola entidade mercantil 'CYSUGAL,S.A.', e redactado polos arquitectos D. José Antonio González González e D. Emilio Estévez Fernández -Expte. 4333/401-. (...). Cuarto.- A propiedade do ámbito deberá asumilo mantemento dos novos espazos libres e verdes cedidos ó Concello. A tal fin, as fincas resultantes do proxecto de compensación quedarán afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espazos libres e zonas verdes de nova creación (...)"

En data 5.12.02 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do polígono "C-SU-UA-6-Galindra", promovido por "Cysugal, S.A.", redactado polos Arquitectos D. José Antonio González González e D. Emilio Estévez Fernández, visado polo COAG nos días 08/05/2002 e 10/09/2002 (Expte. 4361/401). SEGUNDO: Durante a execución das obras deberá darse cumprimento ó sinalado polos enxeñeiros municipais dos departamentos de servizos electromecánicos, montes, parques e xardíns, nos seus respectivos Informes do 13/09/2002 e 18/09/2002. Así mesmo, antes do seu inicio efectuarase o un replanteo en coordinación cos técnicos do departamento de Vías e

Obras do Concello. Tamén debe comunicarse o inicio e finalización das obras ó departamento municipal de Servizos Electromecánicos, para a comprobación da rede de iluminación pública TERCEIRO: A propiedade do ámbito deberá asumir-lo mantemento dos novos espazos libres e verdes cedidos ó Concello. Ó tempo de recepción das obras de urbanización constituirase unha entidade urbanística de conservación (...).

A entidade "Cysugal, S.A." solicita o 24.11.05 a recepción das obras contidas no proxecto de urbanización.

Constan no expediente os seguintes informes:

- "Gas Galicia, S.A." de 29.03.06.
- "Telefónica de España, S.A." de 4.04.06.
- "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." de 19.04.06.
- "Aqualia gestión integral del Agua y Fomento de construcciones y contratas, S.A-UTE" de 27.04.06.
- "Unión Fenosa, S.A." de 27.12.06.
- Montes, parques e xardíns de 12.03.07.
- Electromecánicos de 12.03.07.
- Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 15.03.07.

O adxunto ó director dos servizos técnicos informa o 23.03.07 o seguinte: "(...) Las obras cuya recepción total se propone, responden a las determinaciones contenidas en el PERI de la UA 6 Galindra, aprobado definitivamente por acuerdo plenario del 25.03.03 <expte 4694/411>. Las mismas están concretadas en el correspondiente proyecto de urbanización, aprobado definitivamente por acuerdo del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo de fecha 5/12/02 <exp 4361/401>. Las obras se ajustan a los documentos antes citados, y obran en este expediente los informes favorables de las distintas compañías de servicios urbanísticos, y de los diferentes departamentos municipales. Desde el punto de vista del planeamiento no existe inconveniente en acceder a lo solicitado (...)

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerase polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes da oficina de supervisión e inspección de obras e o adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización e necesariedade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano,

durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación. No acordo da Xunta de goberno local de 5.12.02 se facía expresa mención as zonas que deberían ser obxecto de conservación e a necesidade de constituir entidade de conservación.

4.- *Innecesariade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.*

5.- *Órgano competente para a resolución do expediente.- É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.*

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta PROPOSTA PARA A APROBACIÓN POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 19.03.07 e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 22.03.07, acordar a recepción das obras de urbanización da "UA 6 Galindra" (expte 4735/401).

SEGUNDO: Requerir ós propietarios para que procedan á inmediata constitución da entidade de conservación.

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, supervisión e inspección de obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A.".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

54(617).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA UA IV-13 RAMÓN NIETO 7. EXPTE. 4216/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 9.04.07, conformada polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

En data 21.09.1998 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o estudio de detalle da "U.E. IV-13 Ramón Nieto 7" (Expte. 4400/411 - DOG 14.12.1998). O 14.09.2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobou definitivamente o proxecto de compensación do devandito polígono (Expte. 4202/401).

O 10.05.01 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo adoptou o seguinte acordo: "(...) Primeiro: Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da "U.E. IV-13-Ramón Nieto 7" redactado pola arquitecta D^a Alba Rodríguez Álvarez, con planos visados polo COAG no 06/03/2001, 20/07/2000, 12/06/2000 e 31/03/2000 <Expte. 4216/411>. Segundo: A conservación da vía peonil interior e dos espazos libres e zonas verdes cedidos en pleno dominio ó Concello no devandito polígono <840 m²> será de cargo dos propietarios das parcelas do mesmo integrados nunha entidade urbanística de conservación que deberá constituírse ó tempo da recepción das obras de urbanización. Esta condición farase constar expresamente nas licencias de edificación que se concedan no ámbito de referencia (...)".

A Xunta de compensación da "UE IV-13 Ramón Nieto 7" solicita o 22.12.04 a recepción das obras de urbanización para o que se achega certificado final de obra asinado pola arquitecta dona Alba Rodríguez Álvarez.

Constan no expediente os seguintes informes:

- "Gas Galicia, S.A." de 21.01.05.
- Electromecánicos de 31.01.05.
- "Telefónica de España, S.A." de 4.03.05.
- "Aqualia gestión integral del Agua y Fomento de construcciones y contratas, S.A-UTE" de 20.04.05.
- Montes, parques e xardíns de 15.04.05.
- "Unión Fenosa, S.A." de 13.09.06.
- "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." de 3.08.05.
- Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 21.02.07.

O adxunto ó director dos servizos técnicos informa o 23.03.07 o seguinte: "(...) Las obras cuya recepción total se propone, se desarrollan en el ámbito de las determinaciones contenidas en el Estudio de Detalle de la UA IV-13 Ramón Nieto 7, aprobado definitivamente por acuerdo del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo de fecha 02.10.98 <expte 4400/411>. El correspondiente Proyecto de Urbanización fue aprobado definitivamente por el mismo órgano, en fecha 10.05.01 <exp 42165/401>. Las obras se ajustan sensiblemente a las contenidas en el documento antes citado, no existiendo inconvenientes urbanísticos a lo solicitado. Obran en este expediente informes favorables de las distintas compañías de servicios urbanísticos, así como de los diferentes departamentos municipales (...)".

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o

contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)"

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes da oficina de supervisión e inspección de obras e o adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización e necesidade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executarase pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación. No acordo da Xunta de goberno local de 10.05.01 se facía expresa mención as zonas que deberían ser obxecto de conservación e a necesidade de constituir entidade de conservación.

4.- Innecesidade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

5.- Órgano competente para a resolución do expediente.-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 21.02.07 e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 23.03.07, acordar a recepción das obras de urbanización da "UA IV-13 Ramón Nieto 7" (expte 4216/401).

SEGUNDO: Requerir ós propietarios para que procedan á inmediata constitución da entidade de conservación.

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, supervisión e inspección de obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

55(618).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO PARA A HUMANIZACIÓN DA RÚA ALFONSO X O SABIO. EXPTE. 364/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 4.04.07 e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 7.03.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a modificación do contrato formalizado coa mercantil Movexvial, S. L. con data 24 de novembro de 2006 para a humanización da rúa Alfonso X o Sabio segundo proxecto modificado nº.1 do primitivo proxecto e cun presuposto de execución por contrata de 373.158,61 €.

2º.- Autorizar o gato para a contratación das obras do proxecto modificado nº. 1 de Humanización da rúa Alfonso x o Sabio por importe adicional líquido de 286.308,61 € con cargo á partida 511.0.611.00.00 do presuposto 2007.

3º.- Prorrogar o prazo de execución do contrato a doce semanas tal como consta na memoria do proxecto modificado nº 1 de Humanización da rúa Alfonso X o Sabio.

4º.- Previamente a asinar ó documento de modificación do contrato por parte da mercantil contratista deberáse constituir ante a Tesourería municipal garantía por importe do 4 % do prezo da modificación en calesquera das formas previstas na LCAP.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

56(619).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE ÓS MESES DE OUTUBRO DO ANO 2006 E FEBREIRO DO ANO 2007. EXPTE. 17186/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.04.07 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 11.04.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes aos meses de OUTUBRO-2006 e XANEIRO-2007, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00- GRATIFICACIÓNS, ao persoal dos servizos que de seguido se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relación que se achega no expediente e que comezan por don Carlos Abalde Fernández e remata por don Modesto Vázquez Pazó, por un total de 876'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Constante Alonso Caride e rematan por don Manuel Villar Miguelez, por un total de 1.634'15 horas .
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 976'00 horas.
- Inspección de Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Benito Barciela Simón e remata por don Ramón Vázquez Rial, por un total de 109'00 horas.
- Oficina Supervisora de Proxectos e Inspección de Obras, relación que se achega no expediente e que comencan por don José Eugenio Matilde Viñas e rematan por don Angel Ferro Mancho, por un total de 54'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comencan por don A. Avelino Pardellas Avión e remata por don Manuel Sousa Atrio, por un total de 195'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 112'00 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expediente de don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 56'30 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Juan Vázquez Blanco, por un total de 324'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 178'00 horas.
- Parque Central, relación que se achega no expediente e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 116'00 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 36.905'70 € (TRINTA E SEIS MIL NOVECIENTOS CINCO EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS).

Segundo.- Acordar que se proceda na súa inclusión na presente nómina do mes de abril, sempre que sexa técnicamente posible, aos efectos do cal darase conta coa maior urxencia posible á Intervención Xeral e á Tesoureiría Municipal,”

57(620).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR SOCIAL PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA “ATALAIA”. EXPTE. 20941/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 4.04.07 e de acordo co informe porposta da técnica de Benestar Social, do 4.04.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a xestión do centro de día “Atalaia”, cedendo, ao mesmo tempo, o uso do inmovible, sito na Avda. Dª Fermina, nº 9, para tal fin.

2º.- Así mesmo o departamento correspondente iniciará a modificación orzamentaria necesaria para a habilitación de crédito suficiente.

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE DIA DE VIGO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Anxo Manuel Quintana González, Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOGA do 7 de xullo de 2006.

E doutra, Dª. Corina Porro Martínez, actuando en representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcaldesa Presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOGA do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria “cando así o solicite o concello interesado”), con atención especial á xestión integral dos Centros de Día e Centros Residenciais de titularidade municipal, no ámbito territorial dos entes consorciados.

Que o Consorcio nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

→ *garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;*

→ *incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;*

→ *Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu entorno propio.*

SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data de 2 de febreiro de 2007.

TERCEIRO.- Que o Concello manifesta a conveniencia e necesidade de establecer un Centro de Día no seu termino municipal e, de conformidade coas previsións establecidas ao efecto no artigo 8 e demais concordantes dos Estatutos do Consorcio, manifestan a súa intención de colaborar no mantemento e xestión do devandito Centro de Día.

En atención a todo o exposto, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular a xestión do Centro de Día do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- O Consorcio xestionará a Centro de Día, de acordo coas normas que o regulan e con plena autonomía funcional, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- a) A selección, contratación e dirección do persoal*
- b) A elaboración das normas de carácter interno e do proxecto de Atención Xerontolóxica*
- c) Con carácter xeral todas aquelas xestións que se deriven da cesión de uso do Centro.*

O Concello participará na xestión do Centro de Día formando parte do organismo de Selección do persoal do centro, e participando a través dos seus servizos sociais na tramitación das solicitudes para o acceso ao Centro de Día, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

Aquelas outras que se deriven da posta en marcha e das melloras do sistema de xestión do Centro de Día, e a súa coordinación cos servizos sociais municipais.

TERCEIRA.- Obrigas das partes.

O Consorcio farase cargo de tódolos gastos derivados do funcionamento e equipamento do Centro de Día posteriores á sinatura deste Convenio.

O Concello cederá o uso do inmovible adicado a Centro de Día situado na Avenida Dona Fermina, nº 9, asumindo un tercio dos gastos totais da xestión integral do Centro, segundo Anexo I.

CUARTA.- Comisión de seguemento.

A vixianza e seguemento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo Xerente do Consorcio e o Alcalde do Concello, ou persoas en quen deleguen.

A dita comisión terá como funcións: a avaliación dos resultados da execución do convenio; a proposta, a iniciativa da representación do Consorcio, da actualización da aportación económica do Concello e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

QUINTA.- Duración

O presente convenio terá unha duración de dez anos naturais.

O convenio prorrogarase automaticamente por períodos de igual duración se ningunha das partes se opón á prorroga antes do inicio do último ano do correspondente periodo.

SEXTA.- Actualización do Convenio.

A actualización da aportación económica das partes será revisada anualmente pola Comisión de seguemento segundo o especificado na cláusula cuarta deste Convenio. Unha vez calculado e comunicado polo Consorcio o custo/praza/día revisado anualmente.

SÉTIMA.- Natureza e réxime xurídico aplicable.

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, aos seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

ANEXO I

- *Prezo estimado para o ano 2007: 38,00€ praza/día.*
- *Neste prezo inclúese os servizos en Centro de Día para persoas maiores con dependencia leve e moderada, física e psíquica, e sistemas de prevención para a dependencia. A prestación dun Servizo de Atención Integral Xerontolóxica a través de equipa constituída por Intervención Social, Intervención Psicopedagóxica, Intervención Sociocultural, Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Atención ás AVID e AVD, Aloxamento, Manutención Especializada e Individualizada e Acompañamento.*

58(621).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA AVDA. CITROËN EN VIGO”. EXPTE. 52037/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 30.03.07 e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 27.03.07, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de Vías e Obras e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de humanización da rúa Avda. Citroën – Vigo redactado por PETTRA (Plans Estratégicos territoriais de Transporte e Ambientais) .

2º.- Aprobar os pregos de prescripci3ns t3cnicas e de condici3ns administrativas particulares elaborados pola 1rea de Servicios Xerais para 1 contrataci3n por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de humanizaci3n da Avda. Citro3n - Vigo.

3º.- Autorizar o gasto para a contrataci3n das obras con cargo 3 establecido no Convenio asinado entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo e Anexo do mesmo, con data 31 de xullo de 2006, no que respecta 1 financiaci3n das obras, partida presupostaria : 5110.611.00.00 e por importe de 300.000,00 1

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selecci3n do contratista na forma prevista na lexislaci3n vixente.

59(622).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervenci3n neste punto.

E sen ter m1ais asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesi3n 1s nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou f3.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Luc1a Molaes Perez.